

1. Que son as drogas? Que outros dous tipos de substancias que entran no noso corpo distingue o autor? Que relación adoitan ter as drogas cos neurotransmisores?

2. Define: marxe de seguridade, custo, factor de tolerancia, ebriedade.

3. De acordo co defendido na obra, como afecta o “marco cultural” ao modo de consumir unha droga e ao conseguente efecto sobre os usuarios?

4. Explicando o a importancia do hábito na conduta humana e a súa relación co que habitualmente se chama dependencia das drogas, o autor fai a seguinte afirmación: “Se ante un estímulo angustioso certo animal produciu una reacción (quedar quieto en determinada postura, saltar varias veces, etc.) que no agravou as cousas, tenderá a repetir esa conduta cada vez que apareza o mesmo estímulo; malia non existir a menor relación de causa efecto entre obrar así e saír ben parado, só variará de comportamento se repetidas catástrofes exteriores así o impoñen.”

Que enfoque clásico da psicoloxía pode darnos ferramentas para comprender este fenómeno? Como poderíamos explicar o que o libro explica sobre o hábito e a dependencia empregando conceptos propios desta escola? Que explicación nos dá o DSM-5 na súa sección de trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos sobre o mecanismo xeral que explica estes trastornos?

5. Cal é o criterio empregado para clasificar as drogas nos tres grupos nos que as divide o libro? Cales son eses tres grupos?

6. Escolle unha substancia de todas as recollidas na obra. A que grupo pertence? Cando e onde foi descuberta ou inventada? Cales son os seus efectos? Cal era o seu uso orixinal? Cal é o seu uso máis habitual hoxe?